



# Saída ao Xeoparque Cabo Ortegal

Saída de 4º de ESO ao Xeoparque Cabo Ortegal. O xeólogo [Fran Canosa](#) explicounos a xeoloxía da zona.



por Marisa Castiñeira



# Singularidade do Xeoparque



## **Xeografía Espectacular**

Cantís dos máis altos de Europa.



## **Xeoloxía Única**

Visible parte do manto e codia mariña sobre o continente.



## **Viaxe ao Interior terrestre**

Oportunidade de observar estruturas terrestres profundas.



# Cronoloxía da Terra

1

## Calendario Xeolóxico

Distribución dos miles de millóns de anos nun só ano.

2

## Mapa Xeolóxico

Historia xeolóxica de Galicia e distribución das rochas.

3

## Oroxenias

Impacto das oroxenias Varisca e Alpina en Galicia.

# Santo Andrea e os Cantís

## Cantís Máis Altos

Santo Andrea alberga os cantís máis altos da Europa continental.

## Evolución Mariña

Variacións do nivel do mar ao longo do tempo.

## Glaciares

Pequenos glaciares e os seus procesos de deslizamento na zona.

# Os cantís



# Rochas Metamórficas

## Granulitas

Rochas metamórficas da base da crosta terrestre.


## Estrutura Bandeada

Son rochas bandeadas con:  
bandas claras=aluminio e  
escuras=ferro



## Granates

Mineral característico destas rochas



# Rochas Magmáticas

## Peridotitas


apreciamos como cambia a cor das rochas peridotitas magmáticas do manto negras o de cor marrón por conter fe e oxidarse

## Estrutura en acordeón

A erosión da peridotita fai este tipo de estruturas.

## Olivino (Fe Al Mg)

A Peridotita é verde pero o ferro ao oxidarse faina ver marrón.





# Descontinuidade de Mohorovic



## Codia Terrestre

Rochas grises na base da codia.



## Manto Terrestre

Peridotitas magmáticas negras ou marróns.



## Límite Visible

o cambio xeolóxico entre a codia e o manto terrestre, coñecido coma descontinuidade de Mohorovic.

# A ambos lados; dunha banda peridotitas e da outra granulitas.



Na vexetación, no cambio de cor desta, apréciase perfectamente os dous substratos diferentes; á esquerda básica (unha peridotita) e a dereita, ácida (unha granulita)



Esto formouse a partir dunha falla normal a moitos km de profundidade. Por ela circulaba auga con moito sílice. Ao pasar polo oco exercía presión facendoo cada vez máis grande, aumentando o espazo. Toda esa brecha enchíuse de auga, secou e formouse xeixo.



**Só se ama e protexe o que se coñece**